



**Plácido Álvarez Dobaño**, na súa condición de voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN NA QUE SE INSTA O GOBERNO PROVINCIAL A REALIZAR UN ESTUDO E CREAR UN PLAN DE ACTUACIÓN PARA O CONTROL DOS NIVEIS DE RADÓN NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA**, para o seu debate no pleno da corporación , tendo en conta a seguinte

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A provincia de Ourense, pola súa posición xeográfica, presenta un dos índices de concentración de gas radón máis altos dos rexistrados na comunidade galega, segundo sinala un estudo do Laboratorio de Radón de Galicia, dependente da Universidade de Santiago de Compostela.

Estes niveis de concentración representan un grave risco para a saúde, polo efecto carcinoxénico que a radiación ten a nivel pulmonar. Compre salientar que existe unha asociación estatisticamente significativa entre a concentración de radón e o cancro de pulmón, mesmo a baixas cantidades, o que supón un risco importante para a saúde.

Segundo este estudo, unha porcentaxe importante dos concellos ourensáns (un de cada tres), presentan elevadas cantidades de concentración de radón. Tamén a Organización Mundial da Saúde (OMS) recoñece o radón coma canceríxeno dende 1988 e dende 2009 recomendou reducir o nivel de exposición considerado seguro.

Compre sinalar que no ano 2018 entrará en vigor a directiva 2013/59/Euratom, a cal obriga os centros de traballo que estean en zonas de risco, a realizar as medicións oportunas para adoptar medidas que reduzan os riscos que poida producir este gas.



Seguindo estas recomendacións e nunha aproximación á futura directiva e para garantir unhas condicións de traballo saudables, o Grupo Provincial Popular propón ao goberno da Deputación de Ourense que adopte unha serie de medidas co fin de mitigar, na medida do posible, as consecuencias da exposición prolongada ao radón nos espazos e centros públicos dependentes dos concellos da provincia.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Deputación a adopción do presente.

## ACORDOS:

1º- Crear un programa de cooperación para ós concellos da provincia de Ourense, de menos de 20.000 habitantes, interesados no control e eliminación do Gas Radón nas súas instalacións.

2º- Que o goberno provincial en convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, realice os estudos necesarios para controlar e erradicar o Gas Radón nos concellos adscritos previamente ó programa de cooperación.

Ourense, 23 de xuño de 2017

Asdo. D. Plácido Álvarez Dobaño



# Grupo Provincial **Popular**